

Martes, 2 de xuño de 2026

Núm. 103

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****VILAGARCÍA DE AROUSA****Presupostos e cadros de persoal***APROBACION INICIAL DO ORZAMENTO XERAL**EDICTO*

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 28 de maio de 2026, o Orzamento Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa e do seu Organismo Autónomo FPSDM correspondente ao exercicio económico de 2026, no que se inclúe o anexo de inversións, a operación de crédito que a financia, o teito de gasto non financeiro para o exercicio 2026, as bases de execución, así como o cadro de persoal (plantilla), relación de postos de traballo, e criterios para a oferta de emprego público.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e disposicións concordantes, exponse ao público na Intervención deste Concello, por prazo de quince días hábiles, que comezarán a contar dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que durante o mesmo, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde Presidente desta Corporación.

Vilagarcía de Arousa, 29 de maio de 2026.

O ALCALDE,

Alberto Varela Paz

Sinatura dixital

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:6UD41OVR4HU5A2GN

